

O PSdeG denuncia a carencia de medios para apagar os incendios de Reádegos e Corneda

O Irixo

0 comentarios

30 Jun 2015 [Entrar](#)

O partido socialista de O Irixo, denuncia "as graves carencias de medios que sofre o concello e que se puxeron de manifesto no día de onte onde os propios veciños e veciñas de O Irixo tiveron, en algúns casos, que apagar o lume que chegaba as súas casas poñendo en risco incluso as súas vidas. En pobos como Souteliño, Matelo ou Vilame na parroquia de Comeda, ou en parroquias como a de Readegos, onde o lume aínda segue activo nestes intras, chegou a carón das casas e foron os propios veciños, cos seus propios medios, os que tiveron que evitar que o lume alcanzase as súas casas", subliñan.

O certo e que a día de hoxe - remarca o PSdeG- está sen publicar a "Convocatoria de selección de persoal laboral temporal para brigada de prevención y extinción de incendios 2015", convocatoria que depende dunha subvención da Xunta e que debería convocarse antes da chegada do verán; é moi grave que metidos de cheo no verán os concellos, e en concreto o de O Irixo, estea sen brigada e os seus veciños e veciñas desprotexidos desta maneira.

Relatan os socialistas como "O Irixo, cunha extensión de 121 km2, un dos máis extensos da provincia de Ourense, e con máis dun millón de euros de presuposto non inviste nin ten medios de extinción propios, cercanos e inmediatos que protexan os pobos, a vida das persoas e as súas casas. É lamentable que se gasten máis de 30 mil euros en material non inventariable de oficina e máis de 200 mil en arranxar tellados de capelas, pero non se invista un euro en garantir a seguridade dos pobos, dos veciños e veciñas de O Irixo, e as súas vivendas".

Os socialistas propoñen ó Concello e o seu alcalde (que cando volte das vacacións) se poña a traballar de verdade polos veciños e veciñas do Irixo e invista no verdadeiramente importante, as persoas, polo que presentaremos un moción na que propoñemos as seguintes medidas urxentes:

- 1º. Establecer un perímetro de seguridade en tódolos pobos do concello onde a maquinaria do concello (tractor, desbrozadora e pala mixta) deben, antes do comezo do verán e durante o mesmo, manter limpo dito perímetro.
- 2º. O Irixo, dado a súa extensión e as súas características, debe dotarse dunha motobomba de extinción de incendios con base no propio concello para o seu manexo dende xuño a setembro.
- 3º. O concello debe ter operativa unha brigada de prevención y extinción de incendios dende o inicio do verán, ou incluso antes se as temperaturas son elevadas, e non estar esperando as subvencións da Xunta que chegan tódolos anos tarde.
- 4º. Instalar en cada pobo bocas de incendios conectadas ós depósitos de auga, dotando os veciños e veciñas dos pobos de mangueras ó efecto para que poidan usalas en caso de necesidade, como xa ten algún pobo como Mamotes, na parroquia de Campo, costeadas polos seus propios veciños e veciñas.
- 5º. Deben limparse e recuperarse os tanques e pantanos de regadío de tódalas parroquias para a extinción de incendios, como o pantano do ferrocarril no monte de San Cosme hoxe en día totalmente abandonado.



CURTAS

LEIRO CELEBRA AS FESTAS PATRONAIS DE SAN PEDRO, DO 27 AO 30 DE XUÑO. COAS ACTUACIÓNS DE VARIOS GRUPOS MUSICAIS, AS ORQUESTRAS JERUSALEN E PARIS DE NOIA, O CONCERTO "LA EDAD DE ORO DEL POP ESPAÑOL" E GRAN ESPECTÁCULO DE FOGOS ARTIFICIAIS.

27/6/2015

MANDRÁS CELEBRA AS FESTAS DE SAN PEDRO DO 26 AO 28 DE XUÑO, CON ACTIVIDADES PARA NENOS E MAIORES, E AS ACTUACIÓNS MUSICAIS DE MUSIC-LAR, AS PANDEIREITIRAS DE MANDRÁS, KAMELOT E A ORQUESTRA OLYMPUS.

27/6/2015

SEOANE CELEBRA AS FESTAS DE SAN XOÁN OS DÍAS 23,24 E 25 DE XUÑO. COA ANIMACIÓN DUNHA CHARANGA E AS ORQUESTRAS CHARLESTÓN, ESTRELLAMAR, TELEVISÓN E ALKAR.

19/6/2015

FESTA DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DO CARBALLIÑO, O DOMINGO 7 DE XUÑO EN SANTA UXÍA DE LOBÁS. XANTAR DE CONFRATERNIZACIÓN VECIÑAL E CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE

6/6/2015

FESTA-ROMARIA DE SANTA RITA DE ARMESES - MASIDE, O DOMINGO 31 DE MAIO: XANTAR CAMPESTRE AMENIZADO POLAS ORQUESTRAS NUEVA GENERACIÓN E LA OCA.

30/5/2015

1ª FESTA DA TORTILLA E SERÁN EN MANDRÁS - CEA, O SÁBADO DÍA 30 A PARTIR DAS 20:30 HORAS: MÚSICA TRADICIONAL E DEGUSTACIÓN DE TORTILLA.

30/5/2015

FESTAS DE STA. RITA EN DACÓN: DÍA 22 COA BANDA DE MÚSICA DE XINZO E AS ORQUESTRAS OLYMPUS E AMÉRICA. O DÍA 23

ESCOITA " A MAÑÁ DE COPE O CARBALLIÑO "**De 12:30 a 15:00 horas, con****XAN PINAL**

COA CHARANGA CASTRO BELLO E AS ORQUESTRAS CAPITOL E ISMAEL.

21/5/2015

FESTA DE SANTA CRUZ EN SAN CLODIO-LEIRO, OS DIAS 2 E 3 DE MAIO. COA ANIMACIÓN MUSICAL DA CHARANGA CASTRO BELLO, A BANDA DE REDONDELA E AS ORQUESTRAS GRAN CASINO E POCEIRO.

29/4/2015

A PARROQUIA DE LOBÁS CELEBRA A "MADANELA PEQUENA", CON PROCESIÓN DE ANTORCHAS O DIA 2 POLA NOITIÑA E MISAS NA CAPELA O DIA 3 DURANTE TODA A MAÑÁ.

29/4/2015

O CIRCO VENEZIA PRESENTA O SEU GRAN ESPECTÁCULO CIRCENSE NA CARPA INSTALADA NA EXPLANADA DA UCEIRA, DO XOVES 30 DE ABRIL AO DOMINGO 3 DE MAIO, SEN SESIÓNS DIARIAS DE TARDE.

29/4/2015

O TEMPO

Hoxe	Max	Mín	Vento	Lúa
	20°C	13°C	Suroeste 9 km/h	
Mañá	Max	Mín	Vento	Lúa
	26°C	9°C	Noroeste 11 km/h	
Venres	Max	Mín	Vento	Lúa
	27°C	9°C	Suroeste 17 km/h	
Sábado	Max	Mín	Vento	Lúa
	25°C	10°C	Noroeste 12 km/h	
Domíngo	Max	Mín	Vento	Lúa
	30°C	11°C	Noroeste 12 km/h	

Programado por Nubestudio

